

OLGA PATIÑO POETISA

► A autora presenta hoxe o seu novo libro, titulado 'Silencio habitado', ás 20.00 horas na Casa das Campás. O volume versa sobre o querer dende unha perspectiva idealizada. No acto acompañarana Ramón Rozas, José Carpenter, Basilio Rodríguez, Anton Sobral e César Morán.

«Cando hai poder no verdadeiro amor, este convértese nun estado de graza»

TEXTO: ANXELA PEDROUSO

PROFESORA, POETISA, actriz e directora de teatro. Todas estas facetas fúndense nunha soa persoa: Olga Patiño. A autora presenta esta tarde o seu novo libro, 'Silencio habitado', na cidade de Pontevedra. Por cuestións xeográficas Patiño non puido estar antes na cidade, polo que concedeu esta entrevista valéndose das novas tecnoloxías, que non están para nada enfrontadas coas distintas disciplinas que exerce a galega.

Por que 'Silencio habitado'? De onde sae o título?

Nun principio matinei que o título fose 'Eu que amo o silencio habitado', logo pensei que era máis rotundo 'Silencio habitado'. O silencio forma parte do facer poético, é parte da arquitectura do poema e está nese espazo de revelación-rendición do ser, clarificación deste, que para min é a poesía. Hai silencios que son atronadores. O silencio non é necesariamente a ausencia de son, e moito menos é ausencia de comunicación. Para min é un latexo, ten un determinado ritmo; é unha bruma de equilibrio xubiloso habitando un terreo fértil. O silencio non está deshabitado, non para min.

Vostede, creadora do volume, como o definiría?

Definiría este libro como un tempo de encontros luminosos (reais ou fabulados) en círculos concéntricos, é un conxuro contra os espazos conxelados. Nesta percepción vital, nesta inflexión cara adentro está a reafirmación da propia identidade para máis adiante rachar a conciencia pechada do 'eu' individual e levar a cabo a aventura existencial da escrita con todas as súas consecuencias. Pretende ser conciencia e mi-

rada ao mundo nun dobre plano: interno e externo. Para min este poemario (como os anteriores) é unha sorte de refuxio ante as inclemencias do mundo, un xeito de busca do intuitivo, do orixinario e telúrico... É ese lugar sagrado no que te sentes a salvo neste asteroide á deriva onde reside un mundo disparatado, onde o ser humano é o maior depredador da súa propia especie. Isto non quere dicir que o/a poeta vaia permanecer de costas á realidade que lle toca vivir. A obra desenvólvese dentro dun medio sociopolítico e aí está o dobre compromiso: co absoluto e con esa realidade; a poesía é máis que un xeito de expresión, é amosar unha fonda realidade humana. Aínda que o poeta se saiba desatendido, non pode sentirse insolidario. A poesía non é un luxo inútil, a poesía pode axudámonos a comprender mellor o mundo, a corrixir as feridas da vida e da historia.

A que tipo de público está dirixido este libro?

Nunca pensei nun tipo determinado de receptor. A poética é o impulso máis profundo dunha obra literaria. Non é a manifestación superficial, senón a lei interior que habita o 'microcosmos' dunha 'cosmovisión concreta'. A poesía é un camiñar rumbo ao epicentro dun mesmo ou atoparse e recoñecerse en terra allea: emoción identificadora nunha terra imprevista. Tal vez, aquelas persoas que teñan o valor de mirarse no espello do que somos ou soñamos que somos: illas habitadas por nós mesmos. Aquelas que sexan capaces de mirar ao abismo e ao mesmo tempo alcanzar as estrelas. As que se paran para escoitar esa 'outra voz' que todos levamos dentro, esa voz que nos obriga a



Olga Patiño.

Visión

■ O poemario pretende ser conciencia e mirada ao mundo nun dobre plano: interno e externo»

Público

■ O libro está dirixido a aquelas persoas que teñan o valor de mirarse no espello do que somos ou soñamos que somos»

reflexionar e a mirámonos con outros ollos.

Que sentimentos espertan as súas páxinas nos lectores?

O meu eu lírico móvese (tenta desprazarse) dentro dunha poesía da experiencia, reivindicativa, por veces épica, que se resolve en lirismo metafísico. É un mundo suspendido en si mesmo, preto e afastado a un tempo, como pechado nunha esfera de cristal, porén xamais de costas á realidade. Trátase de gañar as tebras, que non á noite, a noite pode ser moi clarificadora. A poesía como compañeira de vida, respirar, contemplar, escoitar, ás veces con pracer, outras con asombro e carraxe, o que acontece no noso espazo interior e no exterior. Todo isto lévanos a determinadas sensacións, sentimentos, ideas e tamén está o sorpresivo subconsciente, estes son os elementos que desexas que agromen no poema, que non deixa de ser descarga liberadora do propio eu.

Na súa obra escribe sobre o amor idealizado pero, por que? É o amor real demasiado bo para ser poetizado?

Depende da calidade deste. Todo o mundo ten dereito a ser feliz. Nada ilumina tanto como o encontro co outro. O amor sempre é un motor importantísimo para respirar o día a día, ou para pechase na burbulla creativa. Cando hai poder no verdadeiro amor, cando ese amor realmente te arrebat, convértese nun estado de graza ('ferida' luminosa). Só cando cando te descubres noutro territorio ou ti es destino merece a pena, se non se chega a esa pulsión, prefiro quedarme co reflexo da vida (coa idealización do amor) no que a literatura se refire.